

REGULAMENTO APROBADO POLO PLENO DO CONCELLO DO 29 DE MAIO DE 2008

LIMIAR

A cultura é o eixo transversal e vertebrador da sociedade compostelá. A Concellaría de Cultura centra os seus esforzos no apoio á creación e á produción propias, na formación e participación de todos os axentes produtores e receptores e no intercambio con outras realidades culturais.

Pretendemos unha aplicación democrática, participativa, activa e creativa dos programas que desenvolvemos, co fin de facilitar a transformación da sociedade mediante a xeración de identidade, entrelazando memoria e futuro. Unha cultura na que a veciñanza de Compostela se poida recoñecer e asemade olle cara á diversidade de pobos, nacións e linguas do mundo de xeito aberto e cun carácter de universalidade.

É compromiso tamén a extensión da realidade cultural máis alá dos sectores tradicionais para abrir novas canles que vinculen a cidade coas forzas que moven a sociedade compostelá, ao tempo que insiren o momento cultural nas posibilidades da denominada sociedade do coñecemento.

A cidadanía, que debe ser a protagonista última da conciencia cultural da cidade, como emisora maioritaria dos contidos e mensaxes culturais é, así mesmo, receptora do abano múltiple das propostas culturais galegas e da diversidade de pobos do mundo.

O recoñecemento desta dinámica, de diálogo e cooperación entre os axentes culturais tradúcese na constitución do Consello de Compostela Cultura como un organismo de carácter consultivo que se rexerá polo disposto neste regulamento e actuará como dinamizador, coordinador e impulsor da política cultural do noso concello.

O Consello de Compostela Cultura reflicte na súa composición a pluralidade de axentes que interveñen na política cultural municipal. A súa implicación neste órgano de participación ha permitir a confluencia da cidadanía e o concello na definición de estratexias culturais encamiñadas a aplicar en Compostela a Axenda 21 da Cultura como documento estratéxico da política cultural no ámbito local.

NATUREZA, OBXECTO E FUNCÍONS

Artigo 1.-

O Consello de Compostela Cultura é un órgano colexiado de participación comunitaria para a consulta e seguimento da política cultural desenvolvida no ámbito municipal.

Son funcións do Consello de Compostela Cultura:

Propoñer os ámbitos, seccións, franxas de idade e territorios nos que se considera prioritaria a intervención municipal en materia cultural.

Formular propostas e planos de actuación municipal dirixidos á promoción da cultura.

Propoñer mecanismos de coordinación entre tódolos axentes que conflúen na vida cultural co sector educativo da cidade.

Facer propostas que melloren os servizos culturais municipais.

Estudar e valorar os informes e propostas que formulen as persoas físicas ou xurídicas sobre a actuación en materia cultural.

Emitir informes a iniciativa propia ou do concello en relación coa política cultural municipal.

Participar na avaliación daqueles programas e planos de actuación nos que interveña, a nivel de proposición ou de seguimento, o Consello de Compostela Cultura.

Fomentar a vida asociativa no ámbito cultural.

COMPOSICIÓN E RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

Artigo 2.-

1. O Consello de Compostela Cultura estará constituído polos seguintes membros:

Presidente/a:

O Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue.

Vicepresidente/a:

Un representante das entidades sociais nomeado polo Pleno do Consello.

Vocais:

Cinco representantes dos grupos municipais integrantes da Corporación

nomeados polo pleno con carácter proporcional á súa representación.

Un/ha representante do Consello Municipal de Centros Socioculturais nomeado por este Consello.

O/a Director/a xerente do Auditorio de Galicia

Un/ha representante da Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

Un/ha representante da Universidade de Santiago.

Un/ha representante das bibliotecas públicas de Santiago.

Un representante dos museos e centros de artes da cidade elixido democraticamente por eles.

Un/ha representante do Consello da Cultura Galega.

Tres representantes das Fundacións Culturais actuantes en Compostela elixidos democraticamente por elas.

Seis representantes das industrias culturais que teñan o seu marco territorial de actuación en Compostela designados polas respectivas asociacións sectoriais de ámbito galego e, de non haberlas, elixido entre os axentes actuantes en Compostela. Un dos representantes será elixido pola asociación de salas de música e actuacións en vivo; outro entre as empresas de xestión cultural; outro polas asociacións de empresas de artes escénicas e musicais; outro polas asociacións de empresas do audiovisual; outro polas asociacións do libro e a edición e outro polas asociacións de galeristas.

Catro representantes dos grupos de artes escénicas e musicais amadores elixidos democraticamente por eles procurando que haxa representación das diferentes artes.

Catro representantes do asociacionismo elixido democraticamente por eles. Dous polas agrupacións e escolas de música e dous polo asociacionismo cultural.

Un representante do asociacionismo veciñal proposto polo Consello de Relacións Veciñais.

Cinco representantes de artistas e creadores que teñan a súa veciñanza nas terras de Compostela designados polas respectivas asociacións sectoriais de ámbito galego. Un no ámbito da música, outro no das artes plásticas, un no do audiovisual, un no das artes escénicas e un/ha escritor/a.

Cinco persoas de recoñecido prestixio no eido da cultura, tres nomeadas polo Pleno do Concello e as outras dúas as nomeadas polo Consello Reitor do Auditorio de Galicia para formar parte deste órgano polo súa manifesta vinculación ao eido cultural.

Secretario/a:

Un/ha secretario/a para a redacción das actas, designado polo Presidente do Consello de entre o persoal adscrito a esta Concellaría, con voz pero sen voto.

2. En cumprimento do artigo 28 do RPC, o presidente terá as seguintes funcións:

Representar ao Consello que preside.

Convocar as sesións, presidilas e moderar o desenvolvemento do debate.

Formular a orde do día das reunións.

Ordenar a publicación dos acordos, de ser o caso, e dispor o seu cumprimento.

3. Correspóndelle ao Vicepresidente:

Substituír o presidente e colaborar nas súas funcións.

Velar pola execución dos acordos do Consello.

4. O voto dos membros do pleno será persoal e non delegábel, recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares.

5. Ás reunións do Consello poderán asistir en calidade de asesores aqueles especialistas, expertos ou membros de asociacións que a presidencia ou a maioría do Consello consideren necesarios, que participarán con voz pero sen voto.

Artigo 3

Os membros do Consello de Compostela Cultura serán designados polo Pleno do Concello logo da consulta aos consellos sectoriais existentes, ás entidades máis representativas en cada ámbito ou da elección democrática entre as entidades.

Artigo 4

O Consello de Compostela Cultura reunirse ordinariamente unha vez por cuatrimestre e, con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou cando así o solicitar un terzo dos seus membros.

Para a válida constitución do Consello requírese, en primeira convocatoria, a asistencia da metade máis un dos seus membros. En segunda convocatoria poderá constituírse coa asistencia de, cando menos, un terzo dos seus membros.

Os acordos adoptaranse por maioría simple.

De cada reunión que teña lugar redactarse unha acta.

O Consello de Compostela Cultura poderá formar no seu seo as comisións de traballo que considere convenientes.

Artigo 5

Segundo o art. 32 do RPC, unha vez constituído o Consello de Compostela Cultura, dotarase dun regulamento interno de funcionamento que deberá ser ratificado polo propio Pleno da Corporación.

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS NO CONSELLO DE COMPOSTELA CULTURA.

Artigo 6

O Consello de Compostela Cultura renovarase cada catro anos desde a súa constitución.

Artigo 7

Terán dereito a participar no proceso electoral ou na designación de representantes no Consello de Compostela Cultura as asociacións legalmente constituídas.

Artigo 8

A convocatoria será realizada mediante decreto e nela sinalarase o calendario do proceso, así como o lugar e data da elección, consulta ou designación.

Artigo 9

Dous meses antes da votación, o/a secretario do Consello elaborará os censos das asociacións que terán dereito a participar neste proceso. Unha vez feito público, establecerase un prazo de reclamacións de dez días hábiles. Finalizado este, e atendidas as reclamacións ás que houbera lugar, farase público o censo definitivo.

Artigo 10

No prazo de 15 días, contados dende a publicación do censo definitivo, as asociacións presentarán/designarán aos seus candidatos/as.

Artigo 11

O escrito de presentación deberá expresar claramente a denominación da entidade, nome e apelidos do/a candidato/a e enderezos postal e electrónico a efectos de notificación.

Artigo 12

Ao escrito de presentación xuntarase a declaración de aceptación da candidatura, a certificación do acordo de designación por parte da xunta directiva da asociación e, de ser caso, do acordo de aceptación desta designación polo resto de asociacións incluídas no censo.

Artigo 13

En caso de baixa dalgún/ha conselleiro, para a súa substitución partírase do

censo anterior e é aplicarse o disposto nos artigos 10, 11 e 12 deste regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este regulamento non entrará en vigor até que transcorran 15 días dende a súa publicación íntegra no BOP.

Este regulamento estará en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.”